

José Manuel Méndez ( Mundaka1964) , é artista plástico profesional desde hai máis de 30 anos. Fórmase na Facultade de Belas Artes do País Vasco, e anteriormente na Facultade de Historia onde estuda Arte. Juan Antonio Uriarte, Richard Pérez Franco en acuarela e óleo respectivamente moldéanlle nestas disciplinas e acaba “doutorándose” no estudo do pintor vasco Alejandro Quincoces onde durante dous anos colabora como asistente e profunda no coñecemento do óleo como técnica única.

Na actualidade imparte cursos e talleres especializados en Pintura por todo o Estado, asiste como artista convidado en importantes bienais e encontros artísticos, dirixe un dos cursos online máis innovadores, con 7000 alumnos repartidos por todo o mundo, é conferenciante onde combina a dialéctica co traballo artístico e propón solucións creativas no curso/ masterclass para pintores “Buscando a Turner”.

É Premio Nacional de Acuarela (Madrid 1997), Premio Europeo de Acuarela (Bilbao2004), Premio Nacional de Debuxo (Guadalaxara 2003) e Premio Nacional de Pintura (Madrid 2001).

A súa obra atópase en Fundacións Públicas como Bankia, BBK,Museo da Ciudad Autónoma de Melilla, Ministerio de Xustiza, Deputacións Provinciais, e innumerables concellos da nosa xeografía. E en Coleccións Privadas de EEUU, Reino Unido, Colombia, Italia, Islandia, Francia.

Exposicións en prestixiosas galerías españolas, en cidades como Madrid, Bilbao, Reus, Valencia, Lleida, Oviedo e en países como México, Finlandia, Indonesia.

En 2019, presenta na Torre de Pambre o seu proxecto “ Chousas e Bosquexos”.